

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO DE OBRAS DE “PAVIMENTACIÓN DO APARCADOIRO DA IGREXA DE ARABEXO”

1.- Obxecto do contrato.

O presente contrato ten por obxecto a execución das obras de “PAVIMENTACIÓN DO APARCADOIRO DA IGREXA DE ARABEXO”.

2.- Xustificación da necesidade do contrato.

O artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local, na redacción dada á mesma pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, que cualifica como competencia propia do municipio a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas, pavimentación de vías urbanas e a protección do medio ambiente.

3.- Insuficiencia de medios.

Este Concello non dispón dos suficientes medios persoais e técnicos para a execución do subministro.

4.- Xustificación do procedemento empregado.

De conformidade co artigo 159 da Lei de Contratos do Sector Público o procedemento de adjudicación será o aberto simplificado, garantindo a máxima igualdade e concorrencia no proceso de licitación.

5.- División en lotes.

Dada a característica do contrato non se precisa a división do mesmo en dous lotes.

6.- Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

A execución da obra ten un coste total, IVE incluído, de 55.803,30 euros.

A obra finánciase integramente con aportación da Deputación Provincial da Coruña dentro do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+2022, por importe de 55.803,30 euros.

Existe consignación na partida 1532.61900 do vixente orzamento de gastos.

A presente contratación non vai supoñer incumprimento da estabilidade orzamentaria ou sustentabilidade financeira.

7.- Utilización de medios electrónicos.

En base ó disposto no apartado 3 da disposición adicional Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a presentación de ofertas e solicitudes de participación levarase a cabo utilizando medios electrónicos, de conformidade cos requisitos establecidos na mencionada Disposición Adicional.

8.- Publicación.

De acordo co disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a presente memoria deberase publicar no perfil do contratante desta Administración.

En Val do Dubra, a 24 de Agosto de 2022.

O ALCALDE

Asdo. José Manuel Varela Ferreiro